

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 8 de maio de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta secretaría xeral no primeiro cuadrimestre de 2013.

O artigo 11.1 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (*Diario Oficial de Galicia* nº 136, do 14 de xuño), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único. Darlle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Secretaría Xeral da Emigración nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2013, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2013

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

ANEXO

Asinantes	Obxecto	Importe (euros)	Data sinatura
Convenio co Hogar Gallego de Ancianos en Bos Aires (Domselar)	Desenvolvemento de programas de atención socio-sanitaria	40.000,00 €	8.3.2013
Convenio coa Casa de Galicia en Montevideo	Desenvolvemento de programas de atención socio-sanitaria	35.000,00 €	9.3.2013
Convenio co Hogar Español de Ancianos en Montevideo	Desenvolvemento de programas de atención socio-sanitaria	60.000,00 €	9.3.2013



Asinantes	Obxecto	Importe (euros)	Data sinatura
Convenio co Centro Gallego de Mar del Plata	Desenvolvemento de programas de atención socio-sanitaria	30.000,00 €	10.3.2013
Convenio coa Federación de Sociedades Gallegas de Cuba	Mantemento dunha oficina de información e asesoramento en Cuba	45.000,00 €	25.3.2013
Convenio coa Arquidiocese de Santiago de Compostela	Facilitar aos emigrantes galegos e descendentes o acceso ao Arquivo Histórico Diocesano para a busca das súas orixes ou a documentación necesaria para solicitar a nacionalidade española	10.000,00 €	8.4.2013
Convenio coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol	Facilitar aos emigrantes galegos e descendentes o acceso ao Arquivo Histórico Diocesano para a busca das súas orixes ou a documentación necesaria para solicitar a nacionalidade española	3.000,00 €	8.4.2013
Convenio coa Diocese de Ourense	Facilitar aos emigrantes galegos e descendentes o acceso ao Arquivo Histórico Diocesano para a busca das súas orixes ou a documentación necesaria para solicitar a nacionalidade española	4.000,00 €	8.4.2013
Convenio coa Diocese de Tui-Vigo	Facilitar aos emigrantes galegos e descendentes o acceso ao Arquivo Histórico Diocesano para a busca das súas orixes ou á documentación necesaria para solicitar a nacionalidade española	3.500,00 €	8.4.2013
Convenio coa Diocese de Lugo	Facilitar aos emigrantes galegos e descendentes o acceso ao Arquivo Histórico Diocesano para a busca das súas orixes ou a documentación necesaria para solicitar a nacionalidade española	4.000,00 €	23.4.2013
Convenio coa Fundación de Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela (FACEV)	Prestación de asistencia sanitaria e farmacolóxica a persoas de orixe galega residentes en Venezuela	60.000,00 €	25.4.2013
Convenio coa Hermandad Gallega de Venezuela	Mantemento dunha oficina de información e asesoramento en Caracas	20.000,00 €	25.4.2013
Convenio coa Hermandad Gallega de Venezuela	Contribuír á atención das necesidades socio-asistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Caracas (Venezuela)	30.000,00 €	25.4.2013
Convenio coa Sociedade de Socorros Mútuos e Beneficente Rosalía de Castro	Contribuír á atención das necesidades socio-asistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Santos (Brasil)	12.000,00 €	27.4.2013
Convenio coa Sociedade Recreio dos Anciaos de Río de Janeiro (Brasil)	Contribuír á atención das necesidades socio-asistenciais básicas dos cidadáns galegos	20.000,00 €	28.4.2013

